

Resolución do 16 de febreiro de 2026 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o VIII Concurso de Pódcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en colaboración coa Radio Galega (CSAG), no contexto do PLAN LIA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), para o curso 2025/26.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional recolle no seu Plan LIA 2021-2025 de Bibliotecas Escolares unhas liñas de actuación preferentes. A liña referida ás “Alfabetizacións múltiples”, con medidas destinadas á mellora das capacidades lectoras do alumnado, en sentido amplo e, pola súa parte, a liña das “Competencias ALFIN/AMI” contempla o deseño e desenvolvemento de programas para a mellora da competencia informacional e mediática do alumnado galego e detalla, como medida concreta, a posta en marcha dun programa de radio escolar con vinculación á biblioteca. O Plan LIA recolle tamén “A biblioteca como centro creativo de aprendizaxes”, onde se propoñen diferentes medidas para a evolución de todas as bibliotecas escolares cara a “laboratorios creativos de aprendizaxe”, unha evolución natural do modelo de biblioteca, na medida en que esta se configura como un espazo físico e simbólico de oportunidades para desenvolver proxectos colaborativos conectados ao tratamento do currículo; tamén para dar resposta a unha gran variedade de intereses culturais e formativos dos distintos sectores da comunidade educativa.

Neste contexto o programa *Radio na biblio*, no que poden participar centros integrados no Plambe, acolle na súa novena convocatoria un total de 240 centros de titularidade pública, cun notable éxito de resultados. Obsérvase un grande interese pola creación de laboratorios de radio máis alá deste grupo de centros, e asistimos a unha renovación do interese do profesorado por esta ferramenta de gran potencial pedagóxico para reforzar as prácticas comunicativas do alumnado e a motivación para participar en proxectos colaborativos nos que se traballan distintas habilidades e competencias a través de tarefas complexas que constitúen oportunidades de aprendizaxe e de inclusión para todo o alumnado do centro.

En colaboración coa CSAG, a través da Dirección da Radio Galega, e co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño, acordouse a convocatoria dun concurso de pódcasts radiofónicos destinado aos centros públicos integrados no programa *Radio na Biblio*,





con extensión a outros centros da consellería que empregan a radio como ferramenta pedagóxica. A iniciativa ten como obxectivo divulgar e poñer en valor a figura dunha autora que uniu literatura e xornalismo como instrumentos de coñecemento, reflexión crítica e acción social, cun firme compromiso coa lingua galega, o feminismo e a cidadanía.

A través da obra literaria e da traxectoria profesional de Begoña Caamaño como novelista e xornalista da Radio Galega, reivíndicase unha escrita que revisa os mitos clásicos desde unha perspectiva contemporánea e feminista, ao tempo que se lembra o papel fundamental dos medios públicos na difusión cultural e na defensa dunha información veraz e de calidade. O seu legado continúa a ser unha referencia viva para as novas xeracións, tanto no ámbito literario como no xornalístico, e segue a inspirar unha mirada crítica e transformadora sobre a sociedade actual.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección xeral,

RESOLVE

Apartado 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, a elaboración de produtos radiofónicos orientados a salientar a valoración da lingua galega como lingua de creación e pensamento, da relación entre literatura e xornalismo como ferramentas de análise crítica da realidade, do papel das mulleres como creadoras individualizadas no ámbito cultural e mediático, a importancia da memoria e da revisión dos relatos herdados desde unha perspectiva feminista e a defensa dos medios públicos como espazos de información veraz e compromiso coa cidadanía.

Apartado 2. Destinatarios

Poderán participar neste **VIII Concurso de Pódcasts-Radio na biblio** os centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, das distintas tipoloxías, integrados ou non no programa *Radio na biblio* pero que teñan unha emisora de radio escolar.

Apartado 3. Premios e dotación económica

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complejo Administrativo San Caetano
Edificio número 2, andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal



Realizada a selección de traballos merecedores de recoñecemento, distribuiranse asignacións específicas, segundo se recolle no texto da convocatoria, a través da partida orzamentaria **07.03.423A.229.15** destinada a gastos de funcionamento, do orzamento da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o ano 2026, por un máximo global de **10.000 €**.

Estableceranse 8 modalidades, segundo o nivel do ensino, e seleccionárase un pódcast por modalidade, atendendo á orixinalidade do traballo e á calidade sonora e de contido. Cada centro educativo poderá presentar un pódcast por modalidade até un máximo de 3 pódcasts por centro. No caso de traballos internivelares, presentarase a solicitude naquela modalidade á que pertenza a maioría do alumnado participante. Os traballos presentados estarán realizados en lingua galega.

A comisión de valoración poderá propor que se declaren desertos os premios en todas ou algunha das modalidades nas que os proxectos presentados non reúnan a calidade suficiente conforme aos requisitos recollidos na convocatoria. Así mesmo, reservarase a opción de utilizar este importe non adjudicado para premiar os proxectos mellor puntuados noutras modalidades nas que non resultaran premiados.

Modalidades	Premio	Importe
I. Alumnado de EI	1º premio	1.250 €
II. Alumnado de 1º e 2º de EP	1º premio	1.250 €
III. Alumnado de 3º e 4º de EP	1º premio	1.250 €
IV. Alumnado de 5º e 6º de EP	1º premio	1.250 €
V. Alumnado de 1º e 2º de ESO	1º premio	1.250 €
VI. Alumnado de 3º e 4º de ESO	1º premio	1.250 €
VII. Alumnado de Bacharelato	1º premio	1.250 €
VIII. Alumnado doutras ensinanzas	1º premio	1.250 €
Total		10.000€



O premio redundará en melloras no laboratorio/emisora de radio ou para actividades relacionadas co funcionamento do laboratorio de radio, sempre vinculado á biblioteca do centro. Así mesmo, os centros premiados poderán visitar as instalacións da Radio Galega en Santiago de Compostela, tras un acordo previo. O gastos de desprazamento derivados desta visita non poderán ser sufragados coa contía do premio.

Os premios serán compatibles con outros ingresos ou recursos destinados á biblioteca escolar e ao seu funcionamento, así como premios de innovación ou outros, procedentes de calquera Administración pública, entes públicos ou privados, da comunidade, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Apartado 4. Temática

Como homenaxeada nas Letras Galegas 2026, Begoña Caamaño é recoñecida pola súa destacada achega á literatura galega contemporánea e polo seu compromiso co xornalismo, o feminismo e a defensa da lingua. A súa figura representa unha voz singular que, a través da revisión literaria dos mitos clásicos e dunha escrita de alta elaboración estética, abriu novos camiños na narrativa galega desde unha perspectiva crítica e feminista, converténdose nun referente para as novas xeracións.

A temática poderá versar sobre:

- Aspectos biográficos e literarios de Begoña Caamaño.
- A revisión dos mitos clásicos na literatura galega contemporánea.
- A relación entre literatura, xornalismo e compromiso social.
- A presenza e o papel das mulleres na literatura galega e nas Letras Galegas.

Apartado 5. Requisitos e modo de presentación de traballos

Para participar nesta convocatoria será necesaria a presentación da seguinte documentación dentro da solicitude que se creará na aplicación aloxada no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>

- O/os pódcast/s, en formato .mp3/.wav: pode ser unha entrevista, unha cuña publicitaria, un noticiero, un faladoiro, un recital, un debate, un programa





monográfico... **O programa estará realizado integramente en lingua galega.** Os centros educativos poderán concursar enviando entre 1 e 3 pódcasts (1 por cada modalidade), cunha duración mínima de 3:00 minutos e máxima de 5:00 minutos. Se superara esta duración o pódcast quedaría eliminado. Cada pódcast entregárase nunha solicitude independente, e non poderá superar os 20 MB de tamaño.

- Breve relación do contido de cada pódcast (guión ou escaleta) e descrición da experiencia de creación de cada arquivo, nun único pdf.
- Material gráfico (de unha a tres imaxes formato .jpg ou .png) sobre o momento da gravación do pódcast ou do seu proceso de elaboración.
- Relación de participantes no pódcast (alumnado e profesorado e outros participantes).
- Formularios asinados autorizando a participación (en caso de menores) e o emprego da imaxe e voz con fins educativos (de todas as persoas participantes), segundo o modelo do Anexo I.

A solicitude deberá ser presentada pola persoa responsable da dirección do centro e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria.

Apartado 6. Prazo de solicitude

O prazo límite para a presentación da solicitude de participación e o resto de documentación recollida nas bases deste concurso será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria. Enténdese por último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá solicitar dos centros a documentación complementaria que estime oportuna antes de resolver a convocatoria.

Apartado 7. Criterios de valoración e requisitos

Para a selección dos pódcasts teranse en conta a orixinalidade, interdisciplinabilidade do proxecto e a calidade técnica do traballo realizado; a contribución ao desenvolvemento do currículo no contexto da temática do concurso, así como a adquisición de competencias clave; a contribución específica á competencia informacional e mediática do alumnado; a



participación activa de alumnado, profesorado e comunidade educativa no seu conxunto; o aproveitamento das posibilidades e recursos da biblioteca escolar; a integración da biblioteca e outros equipos e programas do centro para o desenvolvemento da produción sonora presentada.

Teranse en conta os seguintes criterios de valoración ata un máximo de 60 puntos:

- a) Orixinalidade, interdisciplinabilidade do proxecto e calidade técnica do traballo realizado (ata 10 puntos).
- b) Contribución ao desenvolvemento do currículo no contexto da temática do concurso e adquisición de competencias clave (ata 10 puntos).
- c) Contribución específica á competencia informacional e mediática do alumnado (ata 10 puntos).
- d) Participación activa de alumnado, profesorado e comunidade educativa no seu conxunto (ata 10 puntos).
- e) Aproveitamento das posibilidades e os recursos da biblioteca escolar (ata 10 puntos).
- f) Integración da biblioteca e outros equipos e programas do centro para o desenvolvemento da produción sonora presentada (ata 10 puntos).

Apartado 8. Comisión de selección

Constitúese unha comisión creada expresamente en virtude desta resolución, coas seguintes funcións: avaliación e proposta de selección dos pódcasts presentados ao abeiro desta convocatoria conforme aos criterios detallados no apartado 7.

A comisión terá a seguinte composición:

Presidencia:

- A persoa titular da xefatura de servizo da Innovación e Programas Educativos, ou persoa en quen delegue.

Vogalías:

- A persoa responsable da xefatura de servizo de xestión de contidos e de programación da Radio Galega, ou persoa en quen delegue.
- A persoa responsable da xefatura de Servizo de Apoio Económico, ou persoa en quen delegue.



- As persoas asesoras do servizo de Innovación e Programas educativos, unha delas actuará como secretaria.

A comisión terá facultades para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das bases desta convocatoria.

Para a valoración das candidaturas, a comisión de selección poderá requirir aos solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios, visitas ao centro e a defensa pública da súa memoria descritiva.

Apartado 9. Resolución

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha proposta de resolución de concesión de premios que trasladará á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, quen ditará resolución.
2. A resolución de concesión de premios, na que se incluírán os centros seleccionados e o importe do premio asignado a cada un deles, publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>
3. O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de cinco meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
4. A Consellería poderá convocar as persoas responsables dos centros e dos traballos presentados a un acto de entrega simbólica dos galardóns.
5. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Apartado 10. Pagamento dos premios

O pagamento farase conforme ao seguinte procedemento:

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complejo Administrativo San Caetano
Edificio número 2, andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal



- a) As contías asignadas por estes premios serán transferidas aos centros nun único pagamento e no período correspondente ao exercicio económico 2026.
- b) O importe concedido a cada centro premiado deberá destinarse a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables ao obxecto do premio segundo o sinalado no Apartado 3 desta convocatoria.
- c) Xustificarse o gasto realizado a través do modelo do Anexo II.
- d) As facturas, así como os seus xustificantes de pagamento, deberán quedar debidamente arquivados na secretaría do centro.


A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional poderá solicitar información sobre os custos específicos derivados desta resolución, polo que estes gastos deberán estar perfectamente identificados na contabilidade do centro.

Apartado 11. Difusión

Os pódcasts seleccionados serán emitidos pola Radio Galega; á súa vez, serán difundidos a través da páxina web da Radio Galega e na plataforma dixital A Galega Audio <https://agalegaaudio.gal/>. Así mesmo, recibirán difusión a través dos canles de comunicación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).

Está prevista a emisión dos programas gañadores o 17 de maio na programación especial da Radio Galega con motivo do Día das Letras Galegas.

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional, conservando a autoría das persoas creadoras, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons CC BY-NC-SA.



Creative Commons CC BY-NC-SA. Permítese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do programa *VIII Concurso de Podcats - Radio na biblio* nos seus espazos web, deberán indicar a súa





participación neste proxecto da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coa utilización do logo do programa, que deben descargar no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1690>

Os centros educativos deberán contar coas preceptivas autorizacións das familias conforme ao anexo que se achega nesta convocatoria.

A divulgación dos pódcasts seleccionados pretende poñer en valor as creacións radiofónicas do noso alumnado e tamén crear un repositorio deste tipo de arquivos, accesible a través de <https://agalegaudio.gal/>

Os pódcasts para ser emitidos deberán respectar os [criterios reitores](#) da dirección editorial da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

As emisións da Radio Galega e a canle dixital deste medio emítense para todo o mundo; os pódcasts estarán dispoñibles na páxina web durante cinco anos a partir da súa publicación. Os centros participantes comprométese a respectar a lexislación e regulamentación aplicable, como a Lei de Protección de Datos e a Lei de Propiedade Intelectual.

Apartado 12. Aceptación das bases

O feito de participar neste concurso implica o coñecemento e aceptación das presentes bases. O incumprimento de calquera delas implicará a descualificación do centro participante.

Disposición adicional única. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional e, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da



Xunta de Galicia ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-dato>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa





ANEXO I – MODELOS DE AUTORIZACIÓNS
VIII CONCURSO DE PÓDCASTS-RADIO NA BIBLIO

(Por favor, marque o que proceda)

Don/dona..... con DNI....., e con domicilio encomo nai/pai/titor/titora da/do alumna/o.....do centro de ensino

Autorizo a participación da/do miña/meu filla/o na gravación dos pódcast que se van presentar ao VIII Concurso de Pódcasts-Radio na biblio convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como a utilización pública da imaxe e da voz da/do miña/meu filla/o na difusión destes pódcasts, con finalidades educativas, a través dos espazos web da Asesoría de bibliotecas escolares (<https://bibliotecas.edu.xunta.gal/>), e en actividades de formación do profesorado, así como, no seu caso, na plataforma dixital A Galega Audio da CSAG <https://agalegaaudio.gal/>

Esta plataforma emite para todo o mundo e cun período de difusión de cinco anos.

Non autorizo a participación da/do miña/meu filla/o na gravación dos pódcasts que se van presentar ao VIII Concurso de Pódcasts-Radio na biblio convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como a utilización pública da imaxe e da voz da/do miña/meu filla/o na difusión destes pódcasts, con finalidades educativas, a través dos espazos web da Asesoría de bibliotecas escolares (<https://bibliotecas.edu.xunta.gal/>), e en actividades de formación do profesorado, así como, no seu caso, na plataforma dixital A Galega Audio da CSAG <https://agalegaaudio.gal/>

Esta plataforma emite para todo o mundo e cun período de difusión de cinco anos.

En, o de..... de 2026

Asdo:.....





ANEXO II – MODELOS DE AUTORIZACIÓNS VIII CONCURSO DE PÓDCASTS-RADIO NA BIBLIO

(modelo para autorización da participación das persoas adultas)

Don/dona..... con DNI....., como integrante da comunidade educativa do centro de ensino de

Autorizo a gravación da miña voz na realización dos pódcasts que se van presentar ao VIII Concurso de Pódcasts-Radio na biblio convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como a utilización pública da miña imaxe e da miña voz na difusión destes pódcasts, con finalidades educativas, a través dos espazos web da Asesoría de bibliotecas escolares (https://bibliotecas.edu.xunta.gal/), e en actividades de formación do profesorado, así como, no seu caso, na plataforma A Galega Audio da CSAG https://agalegaaudio.gal/ que emite para todo o mundo e cun período de difusión de cinco anos.

En, o de..... de 2026

Asdo:.....





ANEXO III

Xustificación do gasto.

ASIGNACIÓN PREMIO VIII CONCURSO PÓDCASTS- RADIO NA BIBLIO CURSO 2025/26 ao abeiro da convocatoria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o VIII CONCURSO DE PÓDCASTS-RADIO NA BIBLIO, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en colaboración coa Radio Galega (CSAG), no contexto do PLAN LIA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), para o curso 2025/26.	XUSTIFICACIÓN DO GASTO
---	-----------------------------------

Nome do centro		Código do centro	
Enderezo		Localidade	
Código Postal	Concello	Provincia	Teléfono

A. INGRESOS E DESTINO DO ORZAMENTO

Cantidade total asignada	1.250 €
Contía global destinada a melloras no equipamento/infraestrutura do laboratorio/emisora de radio (que queda vinculada á biblioteca do centro) <u>ou para actividades relacionadas co funcionamento do laboratorio de radio, sempre vinculado á biblioteca do centro. Co importe do premio non se sufragarán os gastos de desprazamento derivados da visita á Radio Galega (CSAG).</u>	

B. GASTOS

Relación de facturas				
Nº da factura	Provedor/a	Importe	Infraestrutura	Equipamento
TOTAL DE GASTO				

Don/Dona, en calidade de presidente/a do Consello Escolar/Consello Social do Centro,
CERTIFICA: Que as facturas que se detallan corresponden a gastos realizados coa asignación recibida por este centro, por ter acadado un dos premios do **VIII CONCURSO DE PÓDCASTS-RADIO NA BIBLIO**

En _____ a ____ de _____ de 2026

